



# BOP

## DEPUTACIÓN DE LUGO

XOVES, 27 DE AGOSTO DE 2020

N.º 196

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

#### XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

##### Anuncio

**Resolución do 18 de agosto de 2020 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construcción dunha instalación eléctrica no concello de Burela. (expediente IN407A 2020-11AT)**

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construcción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A.
- Domicilio Social: Polígono empresarial As Gándaras- parcela U2-rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: "REFORMA Y AUTOMATIZACIÓN DEL CT EDF. ESPAÑA (11.364)"
- Situación: concello de Burela
- Características técnicas:
  - Reforma do CD (11.364) Edf. España, para unha potencia máxima admisible de 1.260kVA e unha potencia instalada de 1.030kVA, consistente en:

##### OBRA CIVIL

- Instalar porta de acceso, realización de canles de cables, deposito de recollida de aceite, instalación de mamparas de protección e pintado de paredes, teito e chan.

##### OBRA ELECTRICA

- Instalación de seis novas celas de SF6 telemandadas, dúas de liña, dúas de interruptor e dúas de protección.
- Instalación de dous novos cadros de baixa tensión.
- Instalación de novas pontes de MT e BT.
- Modificación do circuito de alumeados, emerxencia e terras.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía **eléctrica**, no Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construcción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), así como na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resuelve**:

Conceder a autorización administrativa previa e de construcción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu derecho.

Lugo, 18 de agosto de 2020.- A Xefa Territorial, P.A. O Xefe do Servizo de Administración Industrial (Artigos 62.3 e 63.1 Decreto 135/2017, do 28 de Decembro), Álvaro Rodríguez Vázquez.

R. 1913

## CONCELLOS

### BECERREÁ

*Anuncio*

#### EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 18/08/2020, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de xullo do 2020 do prezo público pola prestación do servicio de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que disponen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 19/10/2020. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seránllles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seránllles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 19 de agosto de 2020.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez

R. 1914

## O CORGO

### *Anuncio*

#### **CORRECCIÓN DE ERROS NA CONVOCATORIA PARA CUBRIR, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, UNHA PRAZA PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE RECOMPILEACIÓN DA LITERATURA DE TRADICIÓN ORAL E ETNOGRÁFICA DO CORGO**

Por Resolución da Alcaldía do 31 de xullo de 2020 aprobáronse as bases para a selección, mediante concurso-oposición, dunha persoa para a realización dos traballos de recompilación da literatura de tradición oral e etnográfica do Corgo.

As citadas bases publicáronse no BOP de Lugo nº 187, do 17 de agosto deste ano, abríndose un prazo de presentación de instancias de 20 días naturais contados a partir do seguinte ao da súa publicación.

Con posterioridade detectouse que na base cuarta, apartado 4.2, referente ás solicitudes, non se fixo constar a obriga de presentar a documentación xustificativa dos méritos alegados para a fase de concurso deste sistema selectivo.

Do mesmo xeito no Anexo I (modelo de solicitud) tampouco figura o parágrafo relativo á documentación xustificativa descrita no apartado precedente.

En base ao exposto, por Resolución da Alcaldía do 20 de agosto de 2020, acordouse:

1.- Corrixir a base cuarta da convocatoria, no seu apartado 4.2, que quedará redactada como se transcribe de seguido, sendo válidos tódolos demais apartados das bases aprobadas e publicadas:

[...] "4.2 Ás solicitudes achegaranse os documentos que a continuación se indican e de acordo coa seguinte orde:

a) Declaración na que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base 3<sup>a</sup>, referidos sempre ao día en que remate o prazo de presentación de instancias.

b) Documentación fidedigna que acredeite o coñecemento da lingua galega nivel CELGA 4 ou superior ou equivalente. No caso de non posuér esta acreditación, deberase superar unha proba de coñecemento da lingua galega.

c) Documentación acreditativa dos méritos alegados a valorar na fase de concurso, segundo a base oitava, apartado I (fase de concurso) das bases do proceso selectivo. [...]"

2.- Corrixir o Anexo I (MODELO DE SOLICITUDE), aos efectos de incorporar un novo parágrafo relativo á aportación dos méritos, quedando redactado da seguinte maneira:

**ANEXO I****MODELO DE SOLICITUDE**

D/Dona .....  
co D.N.I. númer ..... e con enderezo a efecto de notificacións en .....  
.....  
teléfono.....correo electrónico.....  
informado da convocatoria para cubrir unha praça de ....., publicada  
no BOP númer ..... de data.....

**DECLARA:**

- 1º.-Que coñece o contido das bases reguladoras desta convocatoria.
- 2º.-Que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes cumpre todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases.
- 3º.-Que queda informado da lexitimación do Concello do Corgo para o tratamento e publicación dos seus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión, no BOP de Lugo, e no seu caso, na súa páxina web e sede electrónica, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.
- 4º.- Que declara baixo xuramento ou promete, que non foi separado do servizo de calquera das Administracións Públicas nin se atopa inhabilitado ou en situación equivalente nin foi sancionado por infracción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Xunto coa presente solicitude, acompaño: (marcar o que proceda).

- fotocopia compulsada da documentación acreditativa de estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente.
- declaración de que non teño acreditado a posesión de CELGA ou equivalente.
- documentación acreditativa dos méritos alegados na fase de concurso.

**En vista do que SOLICITA:**

Que se admita a presente solicitude, xunto coa documentación adxunta, para concorrer ao proceso selectivo incoado ao efecto da provisión da praça sinalada.

En O Corgo, .....de.....de 202...

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DO CORGO**

(Nota: No suposto de que o candidato que solicite participar no proceso selectivo teña algunha discapacidade, que por motivo da mesma precise ou necesite para a realización dos exercicios dalgúnha medida especial -que non lle inhabiliten para o exercicio das funcións descritas na base 2.2, **deberá indicalo en documento aparte que achegará coa solicitude, debendo necesariamente aportar certificado do grao e tipo de discapacidade**, para que o tribunal poida adoptar as medidas necesarias, con carácter previo á realización das probas.).

3.- Proceder á publicación deste acordo no BOP de Lugo, abríndose un novo prazo de presentación de instancias de 20 días naturais a partir da súa publicación.

4.- Notificar a presente resolución aos candidatos que xa tiveran presentado a súa solicitude aos efectos de que subsanen a mesma no caso de que proceda.

O Corgo, 20 de agosto de 2020.- O ALCALDE, Felipe Labrada Reija.

R. 1915

## MONFORTE DE LEMOS

### *Anuncio*

O Pleno do Concello de Monforte de Lemos, en sesión ordinaria do día 29.06.2020, aprobou provisionalmente o expediente de aprobación provisional da modificación do prezo público Prezo Público polos servizos prestados na Gardería municipal.

Posto que non se presentaron alegacións no prazo de exposición pública, de conformidade co que dispoñen os artigos 17.3 e 17.4 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais, queda elevado a definitivo o acordo de modificación, e procédese a súa publicación:

#### **PREZO PÚBLICO POLOS SERVICIOS PRESTADOS POLA GARDERÍA MUNICIPAL**

Modificación artigo 5 "COTAS"

Quedando redactado do seguinte xeito:

#### **artigo 5 COTAS**

##### **1.-PREZO DA ATENCIÓN EDUCATIVA**

O prezo por asistencia fíxase en **169,26 € mensuais**.

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as seguintes reducións:

- a) Rendas inferiores ao 30% do IPREM 0,00 €
- b) Rendas comprendidas entre o 30% e inferiores ao 50% do IPREM 0,00 €
- c) Rendas comprendidas entre o 50% e inferiores ao 75% do IPREM 34,91 €
- d) Rendas comprendidas entre o 75% e inferiores ao 100% do IPREM 69,81 €
- e) Rendas comprendidas entre o 100% e inferiores ao 125% do IPREM 112,13 €
- f) Rendas comprendidas entre o 125% e inferiores ao 150% do IPREM 133,29 €
- g) Rendas comprendidas entre o 150% e inferiores ao 200% do IPREM 147,05 €
- h) Rendas superiores ao 200% do IPREM 169,26 €

##### **2.- PREZOS POR SERVIZOS COMPLEMENTARIOS**

Servizo de comedor fíxase en **74,05 € mensuais**

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse ás seguintes reducións:

- a) Rendas inferiores ao 30% do IPREM 0,00 €
- b) Rendas comprendidas entre o 30% e inferiores ao 50% do IPREM 17,45 €
- c) Rendas comprendidas entre o 50% e inferiores ao 75% do IPREM 17,45 €
- d) Rendas comprendidas entre o 75% e inferiores ao 100% do IPREM 26,45 €
- e) Rendas comprendidas entre o 100% e inferiores ao 125% do IPREM 37,02 €
- f) Rendas comprendidas entre o 125% e inferiores ao 150% do IPREM 52,89€
- g) Rendas comprendidas entre o 150% e inferiores ao 200% do IPREM 63,47 €
- h) Rendas superiores ao 200% do IPREM 74,05 €

##### **3. SERVIZO DE COMEDOR - COTA ALMORZO**

A cota de almorzo fíxase en **25,50 € mensuais**

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse ás seguintes reducións:

- a) Rendas inferiores ao 30% do IPREM 0,00 €
- b) Rendas comprendidas entre o 30% e inferiores ao 50% do IPREM 6,01 €
- c) Rendas comprendidas entre o 50% e inferiores ao 75% do IPREM 6,01 €
- d) Rendas comprendidas entre o 75% e inferiores ao 100% do IPREM 9,11 €
- e) Rendas comprendidas entre o 100% e inferiores ao 125% do IPREM 12,75 €
- f) Rendas comprendidas entre o 125% e inferiores ao 150% do IPREM 18,21 €
- g) Rendas comprendidas entre o 150% e inferiores ao 200% do IPREM 21,86 €
- h) Rendas superiores ao 200% do IPREM 25,50 €

#### 4. SERVIZO DE COMEDOR – COTA MERENDA

A cota de merenda fixase en **25,50 € mensuais**

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse ás seguintes reducións:

Rendas inferiores ao 30% do IPREM 0,00 €

Rendas comprendidas entre o 30% e inferiores ao 50% do IPREM 6,01 €

Rendas comprendidas entre o 50% e inferiores ao 75% do IPREM 6,01 €

Rendas comprendidas entre o 75% e inferiores ao 100% do IPREM 9,11 €

Rendas comprendidas entre o 100% e inferiores ao 125% do IPREM 12,75 €

Rendas comprendidas entre o 125% e inferiores ao 150% do IPREM 18,21 €

Rendas comprendidas entre o 150% e inferiores ao 200% do IPREM 21,86 €

Rendas superiores ao 200% do IPREM 25,50 €

Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplica-lo disposto nos puntos 1 e 2 anteriores, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20%

b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais desconto dun 20%

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, de 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Para a aplicación dos descontos terase en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas

documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data de devindicación da declaración do IRPF.

No caso de nenos/as que non utilicen habitualmente o servizo de comedor e que excepcionalmente e por motivos xustificados desexen utilizarlo algún día solto, o prezo será de **4,23 € / día**.

O prezo de comedor por días soltos non estará suxeito a ningunha redución.

#### 5. COTA MATRÍCULA

Cota Matrícula: **77,38 €**

#### 6. HORARIO AMPLIADO

Con carácter excepcional os/as usuarios/as poderán ampliar a súa xornada de atención educativa mediante a solicitude de horas extraordinarias, sempre que acrediten a súa necesidade.

O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario de atención educativa ao adxudicado ao usuario/a será de **21,16€**

O prezo da hora extraordinaria non estará suxeito a ningunha redución.

Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.) o neno/a ingrese no centro con posterioridade ó día 15 do mes, a cota que corresponda pagar por dito mes terá un desconto do 50 por cento.

Modificación artigo 7 “EXENCIONS”

Quedando redactado do seguinte xeito:

#### **ARTIGO -7- EXENCIONS**

a) Cando o neno ou nena para o que se solicitou a praza ocupa o segundo lugar ou sucesivo no número de orde dos/as fillos/as que componen a unidade familiar aplicárselle o 100% de bonificación das cantidades correspondentes a cota de matrícula e a atención educativa segundo o establecido na disposición adicional novena da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servicios sociais de Galicia mentres a mesma estea en vigor.

b) As familias accoledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda gozarán, así mesmo, da exención total da cota.

As anteriores modificacións entrarán en vigor ao día o 1 de setembro de 2020, e serán vixentes mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

Contra este acordo, de aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola recollida, tratamento e eliminación de lixo poderase interpoñer recurso contencioso- administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Monforte de Lemos, 19 de agosto de 2020.- O alcalde- presidente, José Tomé Roca.

R. 1917

#### **SOBER**

##### *Anuncio*

##### **BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO A PRAZAS DE PERSONAL LABORAL TEMPORAL DO EXCMO. CONCELLO DE SOBER, COA FINALIDADE DE LEVAR A CABO CONTRATACIÓN DE PERSONAL EVENTUAL A TRAVÉS DO PROGRAMA DE FOMENTO DE EMPREGO DA EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, INCLUÍDO NÁS BÁSES DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS ANO 2020.**

##### **PRIMEIRA.**

##### **- OBXECTO.**

O obxecto destas bases é a regulación dun procedemento específico para o acceso a prazas vacantes de personal laboral temporal do Excmo. Concello de Sober, subvencionadas a través do Programa de Fomento do Emprego da Excelentísima Deputación Provincial segundo as bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo. Ano 2020; e coa finalidade de levar a cabo a execución de obras, servizos e creación de emprego.

##### **SEGUNDA.-CONTIDO MÍNIMO DE CADA CONVOCATORIA.**

En cada convocatoria deberá figurar:

1º.- Denominación do posto, con referencia no caso de ser necesario á clase, rama, especialidade e demais características propias do posto.

2º.-Prazo e duración do contrato.

3º.-Requisitos, titulacións e outras condicións específicas que deben reunir os aspirantes.

4º-Data e Lugar da realización da proba de coñecementos e valoración de méritos.

5º-Data e lugar da realización da proba de coñecementos e valoración de méritos.

6º-Composición do tribunal cualificador.

7º-Prazo de presentación de instancias.

Prazas ofertadas ano 2020:

-1 praza de técnico/a de turismo, contrato 7 meses, 50 % de xornada.

-1 praza de auxiliar de viticultura, contrato de 8 meses, 50 % de xornada.

-1 praza monitor/a multidisciplinar deportes, contrato de 8 meses, 50% de xornada.

-1 praza de técnico/a en informática, contrato de 11 meses, 100 % de xornada.

-1 praza de técnico-a forestal (titulado grado medio), contrato de 8 meses, 50% de xornada.

-1 praza de auxiliar de protección civil, 5 meses 50 % xornada.

### **TERCEIRA.-PUBLICIDADE.**

Estas bases xerais serán obxeto de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Os anúncios das convocatorias publicaranse no taboleiros de anúncios do Concello, e na páxina WEB municipal [www.concellodosoer.com](http://www.concellodesober.com).

### **CUARTA.-REQUISITOS DO PERSONAL ASPIRANTE.**

Para tomar parte nas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os requisitos que se establezan en cada convocatoria, relativos a titulación e demais requisitos específicos que en cada caso se establezan, e presentarán a súa solicitude de participación na forma establecida no anexo I destas bases, ao que deberán acompañar vida laboral actualizada, copia contratos de traballo, copia compulsada do DNI ou documento equivalente, así como copia compulsada do título académico esixido, e demais documentación a aportar polo particular a efectos da súa valoración na fase de valoración de méritos. A situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa.

### **QUINTA.-PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.**

En cada convocatoria deberá regularse o prazo para a presentación de instancias, que nunca será superior a dez días hábiles. Ó día seguinte ó remate do prazo establecido, publicarase na páxina web [www.concellodosoer.com](http://www.concellodosoer.com) a lista de admitidos e excluídos (motivando as razón que levaron a súa exclusión). No caso de existir solicitudes de participación excluídas otorgarase un prazo de dous días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación da lista de admitidos e excluídos para a subsanación das deficiencias atopadas. Unha vez trascurrido o prazo de subsanación procederese a publicación na páxina web [www.concellodosoer.com](http://www.concellodosoer.com) da lista definitiva de admitidos. De non existir solicitudes de participación excluídas a lista publicada ó día seguinte do remate do prazo establecido para a presentación de instancias terá carácter definitivo.

### **SEXTA.-TRIBUNAIS CUALIFICADORES.**

A selección de persoal laboral temporal para cada praza realizarase mediante un Tribunal cualificador composto por cinco membros (Presidente, secretario e tres vocais), os cales se designarán en cada convocatoria. Podendo formar parte deste tribunal, personal do Concello de Sober, da Xunta de Galicia, da Excelentísima Diputación Provincial de Lugo, ou doutros organismos públicos que cumplan a legalidade vixente para este fin. O tribunal non poderá constituirse con menos de tres membros.

### **SÉTIMA.-PROBAS DOS PROCEDIMENTOS SELECTIVOS.**

A selección farase mediante a realización das seguintes probas:

- a) Proba de coñecementos.
- b) Valoración de méritos alegados pólos interesados.
- c) Valoracion de pertenza a colectivo especial.
- d) Entrevista personal.

### **OITAVA.-DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS.**

A) A proba de coñecementos, consistirá nun exercicio tipo test de 10 preguntas que versará sobre coñecementos específicos relacionados coas funcións e tarefas a desenvolver. **Cualificarse de 0 a 5 puntos.** Este exercicio terá carácter eliminatorio, sendo necesario para supera-lo obter un mínimo de 2,5 puntos. O tempo máximo para a realización desta proba será de 30 minutos.

B) Valoración de méritos:

Experiencia profesional:

Puntuarase con 0.10 por cada mes des servizos prestados nunha Administración Pública nun posto de iguais ou similares características.

Puntuarase con 0.05 puntos por cada mes de servizos prestados nunha empresa privada nun posto de iguais ou similares características.

**Poderán alcanzarse pola experiencia profesional ata un máximo de 2 puntos.** Para a puntuación dos méritos de experiencia profesional presentarase certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, ao que obrigatoriamente deberá achegarse copia compulsada de contratos ou certificados de empresas nos que consten as funcións desempeñadas. A carencia dun destes documentos implicará a non valoración dese mérito alegado.

-Formación profesional.

Valoraranse os cursos de formación e perfeccionamento, expedidos ou homologados por organismos oficiais, directamente relacionados coas funcións propias da praza convocada, acreditados con certificación ou diploma, dacordo coa seguinte puntuación.

- Ata 20 horas de duración 0,10 puntos.
- De 21 a 50 horas de duración 0,20 puntos.
- De 51 a 100 horas de duración 0,30 puntos.
- De 101 ou mais horas de duración 0,40 puntos.

**Como máximo poderán alcanzarse por formación profesional 1,5 puntos.**

-Cursos de coñecemento da lingua galega expedidos ou homologados por organismos oficiais. **Ata un máximo 0,5 puntos.**

-Nivel básico ou medio: 0.25 puntos.

-Nivel superior: 0.5 puntos.

C).-Valoración da pertenza a colectivo especial:

**Puntuárase con 1,5 puntos**, a pertenza do candidato/a a un colectivo con dificultades de integración laboral, acordo coa seguinte relación:

-Mulleres: 0,30 ptos.

-Maiores de 45 anos: 0,30 ptos.

-Parados de larga duración: 0,30 ptos, considerarase parado de longa duración estar inscrito ininterrumpidamente na oficina pública de emprego como demandante de emprego durante 12 ou mais meses.

-Pessoas con discapacidade. 0,30 ptos.

-Pessoas vítimas da violencia de xénero: 0,30 ptos

D).-Entrevista persoal, versará sobre o coñecemento das aptitudes ou habilidades persoais para o desempeño do posto de traballo. Realizarase no lugar e data sinalada na convocatoria, e a súa realización terá lugar por chamamento por orden alfabético de nome e apelido dos aspirantes.

Esta entrevista valorarase cunha puntuación **máxima de 1,5 puntos**.

**NOVENA.- RELACIÓN DE APROBADOS.**

Rematado proceso selectivo, o tribunal levantará acta coa relación da puntuación obtida por cada aspirante, a cal se publicará na taboleiro de anuncios do Concello e na páxina WEB municipal [www.concellosoober.com](http://www.concellosoober.com), acto seguido, e no prazo máximo de dous días hábiles, por Resolución de Alcaldía, declararanse superadas as probas selectivas a un total de persoas que nunca superará o total de postos de traballo ofertados, e no prazo máximo de dez días hábiles, procederase á sinatura do respectivo contrato, comezando o traballador a prestar os seus servizos no Concello de Sober.

**DÉCIMA.- RÉXIME DE RECURSOS.**

Estas bases específicas, as convocatorias e cants actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Régime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

**DISPOSICIÓN FINAL.**

Estas bases entrarán en vigor o día seguinte ó da súa publicación no BOP, e derrogarán cantas disposicións do mesmo carácter foran aprobadas polo Concello de Sober con anterioridade á súa entrada en vigor, e en particular as "Bases xerais para o acceso a prazas de persoal laboral temporal do Exmo. Concello de Sober, para levar a cabo contratacións a través dos distintos convenios anuais asinados coa Excelentísima Deputación de Lugo para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do programa fomento de emprego 2019 e anteriores.

## ANEXO. I.-

## SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO.

## I.-DATOS DO EMPREGO QUE SOLICITO

DENOMINACIÓN DO EMPREGO AO QUE SE OPTA.

RÉXIME XURÍDICO: PERSOAL LABORAL TEMPORAL.

## II.-DATOS PERSOAIS

PRIMER APELIDO:

SEGUNDO APELIDO:

NOME:

DNI:

TELEFONO:

DOMICILIO AOS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNNS:

Declaro responsablemente: Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, e en concreto os seguintes:

- a)Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.
- b)Ter cumplidos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuir capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego ao que aspiro.
- d)Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de función públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública.

SOLICITO: Ser admitido na presente convocatoria ao fin de participar no proceso selectivo.

Sober a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asdo\_\_\_\_\_

Sober, 19 de agosto de 2020.- O Alcalde, Luis Fernández Gutián.

R. 1919

## ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

#### *Anuncio*

D. RAFAEL GONZALEZ ALIO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 002 de LUGO, HAGO SABER:

Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 57/2019 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de D. MANUEL LOPEZ BELLO contra ANGEL CARLOS ROCA NUÑEZ sobre ORDINARIO, se ha dictado Decreto de fecha 14/08/2020 cuya parte dispositiva dice literalmente:

**“Acuerdo:**

- a) Declarar al ejecutado ANGEL CARLOS ROCA NUÑEZ en situación de INSOLVENCIA, por importe de **2.444,67 euros**, que se entenderá a todos los efectos como provisional
- b) Archivar las actuaciones previa anotación en el Libro correspondiente, y sin perjuicio de continuar la ejecución si en lo sucesivo se conocen nuevos bienes del ejecutado.

Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo carga procesal de las partes y de sus representantes mantenerlos actualizados. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

**MODO DE IMPUGNACIÓN:** Contra la presente resolución cabe recurso directo de revisión que deberá interponerse ante quien dicta la resolución en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a la notificación de la misma con expresión de la infracción cometida en la misma a juicio del recurrente, art. 188 LJS. El recurrente que no tenga la condición de trabajador o beneficiario de régimen público de la Seguridad Social deberá hacer un depósito para recurrir de 25 euros, en la cuenta nº 2323 en el BANCO SANTANDER, LUGO debiendo indicar en el campo concepto, "recurso" seguida del código "31 Social-Revisión de resoluciones Letrado de la Administración de Justicia". Si el ingreso se hace mediante transferencia bancaria deberá incluir tras la cuenta referida, separados por un espacio con la indicación "recurso" seguida del "31 Social-Revisión de resoluciones Letrado de la Administración de Justicia". Si efectuare diversos pagos en la misma cuenta deberá especificar un ingreso por cada concepto, incluso si obedecen a otros recursos de la misma o distinta clase indicando en el campo de observaciones la fecha de la resolución recurrida utilizando el formato dd/mm/aaaa. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.

**EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA”**

Y para que sirva de NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a ANGEL CARLOS ROCA NUÑEZ, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En LUGO, a catorce de agosto de dos mil veinte.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA**

R. 1920